

Aventura de João da Nova

Un mariño galego ao servicio da coroa portuguesa

 DOMINGO TABUYO

Santiago Prol vén de tirar do esquecemento institucional e social galego a un dos seus mariños máis ilustres. Ao servicio da Coroa de Portugal, João da Nova cubriu unha importante páxina do capítulo dos descubrimentos, dirixindo no 1501 a III Expedición Descubridora. Asimesmo, pasaba por ser un hábil diplomático- foi alcalde de Lisboa- e un persoaxe moi alonxado dos métodos coactivos e de dominación que outros conquistadores aplicaron no seu trato cos nativos.

Cunha escrita áxil e un gran dominio dunha extensísima documentación, o autor vai desenvolvendo o perfil vital deste mariño ourensán. A obra tamén incide na información das condicións de vida nas carabelas da época, o armamento que levaban, a forma de organizar a vida a bordo etc, faceta no que o historiador Santiago Prol, pon de manifesto a súa fonda investigación no eido da historia social e dos usos e costumes dunha época e dunha sociedade, marcada pola búsqueda do ouro e as rotas cara a Oriente, os descubrimentos e a chegada masiva de escravos á economía portuguesa.

O autor pretende demostrar a vinculación de João da Nova con Maceda (Ourense), do ilustre mariño coa familia dos Condes de Maceda, e para elo amósanos unha ampla xenealoxía dos mesmos, onde as confluencias son claras e evidentes. Non deixa de sorprender o feito da condena ó ostracismo por parte do país ó que serviu, por ser considerado estranxeiro, e o esquecemento total na súa Galicia de orixe e formación, a este Xoán de Nôvoa, de quen conta De la Gándara (1665) que pertencía á familia dos Condes de Maceda. Máis tarde, Fernández Alonso e Risco utilizaron estas referencias.

Biografía, investigación histórica e dominio do mundo da navegación nunha época fascinante, como a dos séculos XV e XVI, constitúen os entramados básicos que dirixen a narración ó longo dos océanos Atlántico e Índico, por África e a India, cunha coidada ambientación que informa de cada aspecto das conquistas, da desconfianza mútua entre España e Portugal, dos enfrontamentos da nobreza lusa, da loita polo control das rotas comerciais ou das guerras irmandiñas, que tanto tiveron que ver coa fuxida a Portugal dun importante número de nobres galegos.

Santiago Prol consegue levar a bo porto unha ampla investigación histórica, ben documentada e rica en información, rigurosa e amena, ben debuxada e ambientada cos aromas picantes das especias e a dozura da baunilla e a canela.

PROL, Santiago, João da Nova: Un mariño galego ao servicio da Coroa de Portugal, Deputación Provincial de Ourense, 2002, 338 páxinas.

